

Estratexia didáctica



#SonMonte

Proxecto interdisciplinar Historia-Bioloxía-Educación Plástica para 1º ESO

Creación de materiais audiovisuais de ben social ou concienciación sobre a valorización do monte como patrimonio cultural. Elaboración de produtos finais a partir do rexistro e interpretación de cantigas populares de monte, a investigación de sons na natureza, a recollida de evidencias en roteiros pola contorna, a creación dun caderno de campo, a captura fotográfica de elementos naturais e o deseño artístico.

Uso de dispositivos móbiles: teléfonos do alumnado e iPads.

Implementar actividades que potencien a socialización en lingua galega, ben dende o uso das TACs para a creación de materiais relacionados co proxecto, ben dende a música e o deseño artístico.

Promover o valor do galego oral como fonte histórica para favorecer a transmisión interxeracional.

Fomentar o uso das novas Tecnoloxías da Aprendizaxe e da Comunicación (TACs) e das plataformas para compartir información.

Obxectivos

Deseñar unha dinámica de traballo por proxectos interdisciplinar que sitúe a valorización do patrimonio cultural galego no centro do proceso de aprendizaxe.



Recurso(s) TAC

- ☞ Base de datos do Museo do pobo galego. Cancionero: <http://museodopobo.gal/web/index.php>
- ☞ Páxina Web sobre coplas e cantigas populares: <https://volaivai.com/index.php>
- ☞ Mapa sonoro do Consello da Cultura Galega: <http://mapasonoro.consellodacultura.gal/colecciones/coleccion/13>
- ☞ Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura: <http://poesiagalega.org/>

2

Ferramenta(s) TAC

- ☞ **Garageband.** Editor e gravador de audio multipista para macOS (*alternativa Audacity).
- ☞ Apps de balde para a gravación de sons, alternativas ás notas de voz. **Sound Recorder** ou **Audiologic.**
- ☞ **iMovie.** Editor de vídeos para macOS.
- ☞ **Stop Motion Studio.** Editor de vídeos a partir de fotogramas.

Nivel de dificultade de uso TAC

- Nivel baixo
- Nivel medio
- Nivel alto

Modalidade(s) de ensino

- Presencial
- Ensino mixto
- En liña


Dinámica(s) de traballo

- Individual
- Interacción
- Cooperación

Fundamentos pedagóxicos do uso da ferramenta TAC



Busca e recollida de fontes textuais e sonoras.



Uso das habilidades relacionadas coa música e o canto coral para a interpretación de pezas sonoras.



Adestramento de destrezas relacionadas coa gravación e edición de audio e vídeo a través do uso das TACs.



Traballo de destrezas relacionadas coa captura fotográfica e o deseño creativo.



Desenrolo da xestión e almacenamento de materiais dixitais, e de intercambio de información en distintas plataformas con actividades que requiren compartir recursos en redes locais e virtuais.